



Concello de Mugardos

ESTUDO ECONÓMICO RELATIVO AO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DA XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR E ALMORZO DO CEIP UNIÓN MUGARDESA, CEIP SANTIAGO APÓSTOL E DO ESPAZO INFANTIL DE XOGOS DE AMBOS CENTROS.

1. Introducción

Este contrato ten carácter de servizos, con orzamento limitativo, no cal o empresario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude ao tempo de celebrar este, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, dentro dun orzamento máximo de conformidade coa disposición adicional trixésimo terceira da Lei 9/2017.

Conforme co artigo 102.4 da LCSP, o sistema de determinación do prezo é o prezo unitario, referidos as unidades (menús) que se entreguen ou executen excluído o IVE.

Os prezos unitarios establécense como máximos, tendo os licitadores que formular a súa oferta axustándose aos mesmos.

As estimacións dos prezos aplicados son axeitados ao mercado.

A elaboración do presente estudo económico complementa o disposto no artigo 63.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, precepto no que se contempla a necesidade de publicar, no contexto dos procedementos de contratación, unha memoria xustificativa do contrato.

Por outra banda, o estudo económico ten por obxecto satisfacer o establecido nos artigos 100 e 101 da mesma Lei, que determinan que o prezo dos contratos será adecuado para o efectivo cumprimento dos mesmos mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado.

2. Estudo económico de custos

Para a realización do presente estudo económico téñense en conta os custos asociados ao servizo que se pretenden contratar e que se integran nas prestacións de preparación e servizo de almorzos e xantares persoas usuarias dos comedores escolares do CEIP Unión Mugardesa e do CEIP Santiago Apóstol do Concello de Mugardos, e de vixilancia e atención aos mesmos durante as súas estancias en tal comedor, estes servizos están





Concello de Mugardos

referidos tanto aos meses lectivos como aos meses nos que se desenvolve o programa do Espazo Infantil de Xogo.

A cuantificación dos custos servirá de base para a determinación dos tipos de licitación á baixa a partires dos que os licitadores deberán presentar as súas ofertas económicas.

En concreto, considéranse nas liñas seguintes a desagregación de custos asociados aos servizos obxecto do contrato:

-gastos de persoal, incorporando os gastos salariais, de seguridade social, gastos derivados de absentismo laboral, vacacións, seguros e outras incidencias.

-custos de xestión directos e indirectos vinculados á explotación (subministracións, vestiario e outros).

Aos efectos de estimar o custo do servizo, páttese da situación actual, tanto no relativo aos custos de explotación, canto no tocante ao volume dos servizos que se prestan.

As liñas que seguen reflicten os custos dos servizos por curso exercicio (o curso escolar abrangue de setembro a xuño – ambos incluídos- e durante o nadal e os meses de verán desenvólvese o programa do Espazo Infantil de Xogo).

2.1. Gastos de persoal

Consonte ao disposto no artigo 100.2 da LCSP, considéranse de seguido os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia, que é o Convenio colectivo estatal do sector laboral de restauración colectiva para os anos 2022, 2023 e 2024 (publicado no BOE nº 299, de 14/12/2022), código do convenio 99100165012016.

Considérase igualmente para a determinación destes custos de persoal a obriga legal do empresario que resulte adxudicatario do contrato de subrogarse nos dereitos e obrigas a respecto dos traballadores que viñan prestando o seu servizo para o empresario saínte -artigo 44 ET-. Dende esta perspectiva, e unha vez verificada a táboa de persoal a subrogar -artigo 130 LCSP- facilitada pola actual empresa xestora do servizo, e en particular a adecuación da mesma ao disposto no convenio colectivo aplicable, procederanse a incorporar ao presente estudo os custos laborais dos traballadores/as fixos-descontínuos a subrogar.

Para a determinación do prezo máximo diario do menú/persoas usuarias/día tivéronse en conta, as necesidades de persoal, incluíndo o tempo de atención ao alumnado, así como o tempo empregado na preparación e na limpeza.





Concello de Mugardos

Na actualidade o número de persoas usuarias dos servizos obxecto do contrato é inferior a anos anteriores, polo que se produce unha situación na que as horas de servizo do persoal a subrogar é superior a ratio esixida pola normativa vixente.

As ratios de persoal veñen establecidas no artigo 16 do Regulamento dos comedores escolares municipais do Concello de Mugardos (BOP nº 213 de 10 de novembro de 2022) segundo a seguinte táboa:

	ALUMNADO	MONITOR/A
Educación infantil	Ata 15	1 persoa
	De 16 a 30	2 persoas
	De 31 a 50	3 persoas
Educación primaria	Ata 30	1 persoa
	De 31 a 60	2 persoas

Atendendo ao número de persoas usuarias na actualidade sería suficiente co seguinte número de monitores/as:

	CEIP SANTIAGO APOSTOL	CEIP UNIÓN MUGARDESA		
	XANTAR	ALMORZO	XANTAR	XANTAR ESPAAZO DE XOGO
Nº MEDIO USUARIOS/AS	11	21	59	13
Nº MÍNIMO MONITORES/AS	1	2	4	1

Na actualidade non se presta o servizo de almorzo no CEIP Santiago Apóstol nin o servizo de almorzo nin xantar no Espazo de Xogo no mesmo centro, debido a que non houbo suficiente demanda (mínimo 7 usuarios/as para implantar o servizo), no caso de que no futuro se incremente a demanda, considérase neste estudio económico que os monitores que se subrogan prestan suficientes horas de servizo para atender os mesmos tendo en conta que en total se recollen un total de 91,25 horas semanais durante 10 meses e que durante os 10 meses lectivos sería suficiente cos datos actuais a prestación de 80 horas semanais e 5 monitores.

Cabe indicar que na táboa do persoal a subrogar contéplase dous postos de supervisor/a de colectividade, considérase neste estudio que tamén as persoas que desempeñan estes postos deberán realizar funcións de vixilancia.





Concello de Mugar dos

Durante os 10 meses lectivos do curso escolar o tempo de servizos mínimo que prestará o persoal será de 15 horas para os almorzos (dúas persoas durante 1,5 horas que dura o servizo) e 50 horas para os xantares (5 persoas durante 2 horas que dura o servizo), estas horas veranse en proporción de 1 hora por cada 30 usuarios/as para realizar labores de preparación e posterior limpeza, do que resultan 15 horas de preparación e limpeza e finalmente un total de 80 horas mínimas semanais de servizos.

Durante o meses no que se desenvolve o programa Espazo de Xogo (nadal e tempada estival) o tempo mínimo dos servizos que se prestarán, considerando que é suficiente 1 monitor e que a duración do servizo de xantar é de 1,5 horas/día, é dicir, tendo en conta o tempo de preparación e limpeza o tempo total ascendería a 8,4 horas semanais de servizos.

Resumindo e facendo o cómputo horario anual, considerando 178 días lectivos para a prestación de xantar e comida durante o curso escolar e 50 días de prestación do servizo de xantar no Espazo de Xogo, o total de horas necesarias para cubrir os servizos ascende a 2.932 horas/ano e no presente estudio económico contéplase o custo dun total de 3.248 horas/ano o que supón un total de 316 horas/ano para contemplar a posibilidade de implantar o servizo de almorzos no CEIP Santiago Apostol ou no Espazo de Xogos.

Tendo en conta o exposto con respecto das horas de prestación e que os/as traballadores/as a subrogar son fixos/descontínuos, considérase que non é necesario facer ningunha nova contratación, se non que o tempo de contratación se pode repartir de xeito que os mesmos cubran tanto os servizos a desenvolver tanto nos meses lectivos como no Espazo de Xogo.

Debe considerarse, en fin, que non se consideran en materia de persoal custos inherentes á substitución por vacacións, toda vez que os períodos de inactividade establecidos no calendario escolar permiten desfrutar dos días de vacacións ao longo do mesmo.

En base ao anteriormente exposto, os custos de persoal a considerar son os que seguen:

-Persoal a subrogar:

nombre	Categoría profesional	antigüedad	Tipo de contrato	vencimiento contrato	convenio	% jornada	H semanales	Salario Bruto Anual 12 meses	Observaciones
MAAMM	SUPERVISOR/A COLECTIVIDADES	14/09/2020	300		COLECT.NAC A CORUNA	25,00	10	4.425,24	
PLFES	MONITOR/A	11/09/2013	300		COLECT.NAC A CORUNA	43,75	17,5	7.743,12	
GARER	MONITOR/A	04/11/2013	300		COLECT.NAC A CORUNA	34,38	13,75	6.066,48	
MAAMM	MONITOR/A	25/01/2021	300		COLECT.NAC A CORUNA	50,00	20	8.509,92	
RAPEN	MONITOR/A	10/01/2024	300		COLECT.NAC A CORUNA	12,50	5	1.984,56	
PLBAM	MONITOR/A	13/10/2023	510		COLECT.NAC A CORUNA	18,75	7,5	2.976,72	
BRBEM	MONITOR/A	11/09/2023	510		COLECT.NAC A CORUNA	25,00	10	3.969,00	
MAALM	SUPERVISOR/A COLECTIVIDADES	14/09/2020	300		COLECT.NAC A CORUNA	18,75	7,5	3.317,88	

DATOS A 05/04/2024



fdo. Mónica Sánchez Baldellou
Jefe Gestión RRHH & Compensación Beneficios





Concello de Mugardos

O custo anual do persoal a subrogar (salario base máis custes sociais) ascende á cantidade de 32.494,10 Euros. Cando falamos de custo anual teremos en conta que nos referimos a persoal contratado durante 10 meses ao ano, os custos están calculados para 10 meses, que formarán a anualidade do contrato.

Tendo en conta o custo da seguridade social, o custo por absentismo, que se estima nun 4% do salario base máis seguridade social e estimando un incremento dos salarios do 2,5%, o custo anual total do persoal a subrogar ascende á cantidade de 45.723,10 Euros.

Considerando a previsión de número total de servizos a prestar no vindeiro curso 2024-2025, que se estima, baseándose nos datos de utilización do comedor escolar no mes de marzo de 2024 e na previsión de 178 días lectivos, valorando tanto o tempo destinado á atención das persoas usuarias como o tempo empregado na preparación e limpeza, a imputación de custos de persoal por atención a cada alumno no **servizo de almorzos ascende á 1,79 Euros e no servizo de xantar a 3,03 Euros.**

2.2. Custos directos

Os custos directos inclúen todos os custes que son necesarios para a execución do servizo, sendo necesarios para o seu total cumprimento. A estes efectos, téñense en conta os seguintes:

- (i) Uniformes de persoal, estimando 2 por cada empregado adscrito á prestación do servizo:

	Custos unitarios
Chaqueta	13,46 Euros
Pantalón	10,76 Euros
Calzado	26,91 Euros
Custo total	818,12 Euros

- (ii) Primas de seguro, conforme os prezos de mercado estímase en 600 Euros.
- (iii) Gastos en materia de prevención de riscos laborais e de vixilancia da saúde individual 200,00 Euros.
- (iv) Gastos diversos, entre os que se atopan os indirectos vinculados á asesoría laboral e fiscal 300,00 Euros.
- (v) Gastos financeiros 300,00 Euros.





Concello de Mugar dos

(vi) Gastos de transporte 4.000,00 Euros

(vii) Gastos de menaxe (adquisición e reposición), que en función do número de usuarios/as e servizos previstos no comedor se estiman segundo segue:

(viii)

Gastos de adquisición	315,90 Euros
Gastos de reposición (considerando reposición anual do 10%)	51,59 Euros
Total gastos menaxe (adquisición e reposición)	367,49 Euros

(ix) Gastos de subministracións de materia prima (comida e bebida):

Partindo dos criterios de composición dos menús dos diferentes servizos que se determinan no prego de prescricións técnicas, considérase o seguinte número de servizos a prestar por tipoloxía dos mesmos:

Para a determinación do custo do materias primas utilízase de referencia o contrato por lotes do servizo do comedor escolar en 144 centros educativos, agrupados en 24 lotes, para o curso escolar 2023/2024 dependentes da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no que o custo do servizo de subministro dos alimentos, na modalidade de caterin incluíndo o custo de subministro de alimentos, outros subministracións, transporte, loxística e mantemento e actualizando os mesmos.

Xantar: o custo unitario de cada xantar estímase en 2,90 Euros.

Almorzos: o custo unitario de cada almuerzo estímase en 1,20 Euros.

2.3. Gastos xerais e beneficio

Os gastos xerais inclúen todos os gastos da empresa adjudicataria que non sexan imputables directamente a unha unidade do servizo en concreto, e abranguen todos os departamentos da empresa.

Conforme a doutrina do Tribunal Central de Recursos Contractuais (entre outras, Resolucións 592/2019, 159/2016, 878/2018), a indicación das porcentaxes para gastos xerais e beneficio industrial establecida no artigo 131 do RGLCAP está establecida expresamente para o contrato de obras nos rangos que fixa ese precepto regulamentario. Ao non haber regulación expresa, coa excepción do dito contrato de obras, para as restantes modalidades de contratos públicos rexe o criterio potestativo do órgano de contratación. De xeito expresivo, na Resolución 1144/2018 (de 24 de setembro), que se cita de seguido, indícase:

“el recurrente considera infringido el artículo 131 del RGLCAP, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, en el cálculo de los gastos generales, ya que censura que esta partida ha sido dotada con una cuantía de 5.479,20Euros, lo que supone un 0,68% del importe obtenido del cálculo de los costes derivados del contrato, a su entender: 19 veces inferior a lo que se indica en el Reglamento. En primer lugar, cabe indicar





Concello de Mugar dos

sobre a aplicación do artigo 131 do RGLCAP, que como o propio precepto indica está referido a los contratos de obras y no a los de servicios, por lo que la horquilla de los porcentajes que establece no son de aplicación en el contrato que nos ocupa. En efecto, en los contratos de servicios, no existe norma expresa que establezca los conceptos que deba contener el presupuesto base de licitación, a semejanza de lo que determinan los artículos 130 y 131, del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, que regulan el cálculo de los precios de las distintas unidades de obra y el presupuesto de ejecución material y presupuesto base de licitación, en el cual se integra un porcentaje de gastos generales y otro en concepto de beneficio industrial. El precio de mercado no deja de ser un concepto jurídico indeterminado que debe ser respetado por el presupuesto base de licitación. Uno de los componentes de este último es la partida correspondiente a los gastos generales que se caracteriza por la dificultad de su concreción. No existiendo norma alguna que exija un determinado porcentaje de gastos generales en los contratos de servicios, este motivo de recurso debe ser desestimado”.

En virtude da facultade que ostenta o órgano de contratación, neste contrato de servizos considérase que os **gastos xerais e os de beneficio** estimado para a empresa adxudicataria supoñen un **5 por 100** por cada concepto dos gastos correntes, ao terse calculado previamente xa de forma directa a maior parte dos gastos que afectan ao servizo.

2.4. Imputacións dos custos aos servizos obxecto do contrato: determinación dos prezos base de licitación á baixa.

	Materias primas	Persoal	Gastos varios	PRECIO UNITARIO SEN IVE
Xantar	2,90 Euros	3,03 Euros	1,13 Euros	7,06 Euros
Almorzo	1,20 Euros	1,79 Euros	0,54 Euros	3,53 Euros

IVE: Dos prezos/menú día os gastos de persoal do servizo de apoio e vixilancia está exento de IVE, conforme ao artigo 20.UNO.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido ao restante aplícaselle o tipo de IVE do 10% de acordo co artigo 91.UNO.2.2º da mesma Lei.

Ao prezo do xantar aplícase o 10% de IVE a 4,63 Euros.

Ao prezo do almorzo aplícase o 10% de IVE a 2,10 Euros.

	PRECIO UNITARIO SEN IVE	PRECIO UNITARIO CON IVE (10%)
Xantar	7,06 Euros	7,52 Euros
Almorzo	3,53 Euros	3,74 Euros





Concello de Mugardos

3. Orzamento base de licitación, valor estimado e prezo do contrato.

O orzamento base de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario (artigo 100 LCSP).

Considerando tales variables, para a determinación do orzamento base anual de licitación (límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido), o Concello de Mugardos tivo en conta o gasto no servizo correspondente ao que vai do curso 2023/2024, e proxectou tal gasto aos meses de prestación do servizo correspondentes a un ano de prestación regular. En base ao anterior, o orzamento base de licitación anual será o seguinte:

	Sen IVE	IVE ao 10%	Con IVE
Orzamento base de licitación anual (límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación)	104.171,56 Euros	6.572,03 Euros	110.743,59 Euros

IVE: Dos prezos/menú día os gastos de persoal do servizo de apoio e vixilancia está exento de IVE, conforme ao artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido ao restante aplícaselle o tipo de IVE do 10% de acordo co artigo 91.UNO.2.2º da mesma Lei.

De este xeito, o orzamento base de licitación será o que segue:

Total orzamento base de licitación (IVE engadido): 110.743,59 Euros

O valor estimado do contrato (1 ano de contrato e unha prórroga de 1 ano), e incluídas todas as opcións eventuais, será o seguinte:

Orzamento anual sen IVE	104.171,56 Euros
Prórroga (1 anos máximo) sen IVE	104.171,56 Euros
Valor estimado do contrato	208.343,12 Euros

Indícanse a continuación o orzamento (IVE engadido) para cada exercicio económico:

Orzamento contrato comedor escolar anualidade 2024 (IVE engadido)	45.368,02 Euros
Orzamento contrato comedor escolar anualidade 2025 (IVE engadido)	60.871,06 Euros
Orzamento Espazo de Xogo Nadal 2024 e Verán 2025 (IVE engadido)	4.504,51 Euros





Concello de Mugardos

O prezo do contrato virá dado pola oferta do adxudicatario.

4. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira enumera tres obxectivos, que son:

- Garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.
- Fortalecer a confianza na estabilidade da economía española.
- Reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

Nesta lei establécense os procedementos necesarios para a aplicación efectiva dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira; así como o establecemento dos límites de déficit e débeda, os supostos excepcionais nos que poden superarse e os mecanismos de corrección das desviacións; e os instrumentos para facer efectiva a responsabilidade de cada Administración Pública en caso de incumprimento, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución de 1978 e no marco da normativa europea.

Así, o artigo 3 recolle o principio de estabilidade orzamentaria:

1. *A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.*
2. *Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.*
3. *En relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 desta Lei entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.*

En relación co artigo 4.2, que define como “sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea”.

Os servizos municipais que se licitan atópanse dentro dos parámetros impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Os incrementos dos prezos previstos na licitación débense ás actualizacións dos salarios do persoal, así como ao incremento de custos directos e indirectos dende a anterior licitación.





Concello de Mugardos

Con base no exposto, considérase que queda garantida a sustentabilidade financeira do servizo. Esta licitación para atender a demanda dos servizos de comedor e almozos a través dunha prestación externa non compromete gasto para un período superior á duración prevista do contrato coas prórrogas. Así, unha vez rematado este contrato coas súas prórrogas, se non se detecta a necesidade de atender unha demanda similar, pode o concello non volver a licitalo, ou licitarse cos límites a determinar cando proceda, sendo máis adaptable esta modalidade á realidade que se deba afrontar en cada momento.

En Mugardos na data que figura na marxe

